

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICAN AS ZONAS DE EXTRACCIÓN DA SEMENTE DO MEXILLÓN EN BANCOS NATURAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

### ANTECEDENTES

1. A Consellería do Mar no exercicio das súas competencias en materia de pesca, e en concreto, no seguimento e avaliación dos recursos mariños, constata a necesidade de delimitar as zonas de extracción da semente do mexillón aos efectos de garantir unha explotación sostible, equilibrada e responsable dos recursos mariños que protexa, conserve e rexenere tanto a semente do mexillón como o percebe e os seus ecosistemas, debido á súa coexistencia nos bancos naturais coa finalidade de asegurar a convivencia equilibrada e axeitada protección dos intereses que concorren na explotación de ambos recursos.

2. O seguimento e avaliación dos recursos mariños da semente do mexillón e do percebe realizado por esta Consellería do Mar se reflectiu nos seguintes informes:

- O 12.11.20121 emítase o informe técnico biolóxico para a inclusión de zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón nos plans de xestión de percebe PE410A 2021-16-5 sobre o Plan de xestión de percebe a pé da Confraría de Pescadores de Baiona.

- O 12.11.2021 emítase o informe técnico biolóxico para a inclusión de zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón nos plans de xestión de percebe PE410A 2021-60-5 sobre o Plan de xestión de percebe a flote da Confraría de Pescadores de Baiona.

- O 12.11.20121 emítase o informe técnico biolóxico para a inclusión de zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón nos plans de xestión de percebe PE410A-2021-29-5 sobre o Plan de xestión de percebe conxunto a pé e flote da Confraría de Pescadores de O Grove.

- O 12.11.2021 emítase o informe técnico biolóxico para a inclusión de zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón nos plans de xestión de percebe PE410A 2021-35-5 sobre o Plan de xestión de percebe a pé da Confraría de pescadores da Guarda.

- O 12.11.2021 emítase o informe técnico biolóxico para a inclusión de zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón nos plans de xestión de percebe PE410A 2021-19-5 sobre o Plan de xestión de percebe da Confraría de Pescadores de Bueu.

- O 17.11.20121 emítase o informe técnico biolóxico para a inclusión de zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón nos plans de xestión de percebe PE410A 2021-15-5 sobre o Plan de xestión de percebe en embarcación da Confraría de pescadores de Cangas.

- O 22.11.2021 emítese o informe técnico biolóxico para a inclusión de zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón nos plans de xestión de percebe PE410A 2021-36-5 sobre o Plan de xestión de percebe dende embarcación da Confraría de pescadores da Guarda.

Os ditos informes en síntese, poñen de manifesto a necesidade de establecer medidas para a conservación, xestión e explotación responsable, racional e sostible dos referidos recursos mariños. En concreto determinan a necesidade de modificar as zonas de extracción da semente do mexillón para as que se poderán outorgar habilitacións establecidas no artigo 3.1.a) da Orde do 26 de outubro de 2000 pola que se regula a extracción da semente do mexillón en bancos naturais. Estes informes incorpóranse no procedemento de elaboración dos plans de xestión do percebe, de acordo co establecido no artigo 13.2 do Decreto 153/2019, de 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, que actualmente está en fase de tramitación, xa que de conformidade coa sentenza de 20 de setembro de 2021 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, este será o marco procedimental axeitado para valorar o tipo de medidas necesarias para a protección do recurso marisqueiro (percebe), en aquelas zonas nas que coexista coa semente de mexillón e na que a explotación do recurso marisqueiro quede suxeita á aprobación pola Consellería do correspondente plan de xestión.

No contexto da elaboración e próxima aprobación dos plans de xestión de percebe, é preciso ditar con carácter precautorio unha resolución na que se estableza a delimitación das zonas de extracción de semente de mexillón coa finalidade de compatibilizar esta medida co resto de medidas protectoras que afecten á explotación do percebe. Esta resolución manterase vixente ata a aprobación dos respectivos plans de xestión do percebe onde quedarán delimitadas as zonas de reserva da extracción da semente do mexillón dentro do ámbito de cada plan.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

**1.** O Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia, modificado polo Decreto 338/1999, do 3 de decembro, dispón que as condicións das habilitacións para o abastecemento de semente en banco natural, as zonas e períodos de extracción e as cantidades máximas a extraer en cada zona, se regularán mediante orde da Consellería competente en materia de acuicultura.

**2.** A Orde do 26 de outubro de 2000 pola que se regula a extracción da semente do mexillón en bancos naturais, dispón no seu artigo 3 o seguinte:

*"1. As zonas do litoral de Galicia para as que se poderán outorgar habilitacións son:*

*a) Bancos naturais do litoral das provincias de A Coruña e Pontevedra.*

b) Arquipélagos de Ons: parte este de Ons (de Punta Centolo a Punta Federento) e Onza (de Punta Cociñadoiro a Porto do Sol).

c) Arquipélago de Sálvora: cara leste da Illa de Sálvora (de Punta Lagos a Punta Besugueiros).

d) Arquipélago de Cies: parte leste das illas norte (Punta Farolillo a islote Viños) e sur (de Punta Pau de Bandeira a Alto de Vicos).

2. As autorizacións para a extracción de semente do mexillón nos bancos naturais do litoral dos arquipélagos de Ons, Sálvora e Cies requirirán o informe previo da Consellería do Medio Ambiente de conformidade co disposto no Decreto 274/1999, do 21 de outubro, polo que se aproba o plan de ordenación dos recursos naturais das illas atlánticas."

3. Os informes citados nos antecedentes desta resolución reflicten a necesidade de determinar as zonas de extracción nos bancos naturais do litoral da provincia de Pontevedra que se encontran dentro do ámbito de competencia desta xefatura territorial, debido á coexistencia nos mesmos dos recursos mariños da semente do mexillón e do percebe.

Así, nas zonas que se indican no anexo I obsérvase que, malia que coexisten ambos recursos mariños, os informes técnicos poñen de manifesto a alta importancia produtiva do percebe nos mesmos, determinando a necesidade de reservas para a súa explotación exclusiva na campaña que comeza o 1 de decembro de 2021.

4. A disposición adicional da Orde do 26 de outubro de 2000 pola que se regula a extracción da semente do mexillón en bancos naturais, establece: *"En función das características conxunturais de cada campaña e cando o seguimento e avaliación dos recursos o aconselle, a delegación territorial (agora xefatura territorial), dentro do ámbito xeográfico da súa competencia, poderá modificar as zonas, cantidades e períodos de extracción mediante resolución motivada que deberá ser comunicada aos interesados. Respectarase en todo caso a prohibición de extraer semente do mexillón os sábados, domingos e festivos."*

De acordo coa normativa citada, a competencia para ditar a presente resolución correspóndelle á xefa territorial da Consellería do Mar en Vigo.

En base ao exposto,

## RESOLVO

1. Modificar as zonas de extracción da semente do mexillón nos bancos naturais do litoral da provincia de Pontevedra que se encontran dentro o ámbito territorial de competencia desta xefatura, excluindo as zonas que se indican no ANEXO I nas que non se poderá outorgar habilitación para a súa extracción, dende o 01.12.2021 ata a aprobación dos plans de xestión de percebe para o



período 2022-2024, nos que quedarán delimitadas as zonas de reserva da extracción da semente do mexillón dentro do ámbito de cada plan.

2. Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Vigo

A xefa territorial de Vigo

Xefatura Territorial de Vigo  
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar  
36201 Vigo (Pontevedra)  
Tel.: 986817104  
[recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal](mailto:recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal)



**ANEXO I**

<b>PROVINCIA DE PONTEVEDRA</b>			
<b>DELIMITACIÓN DE ZONAS DE EXCLUSIÓN DE MEXILLA</b>			
<b>Entidade</b>	<b>Zona</b>	<b>X</b>	<b>Y</b>
C.P. A GUARDA	De Puntal Orelludas a Pedra do Porto (incluída)	509132	4652706
		509270	4652547
	De A Rachada (incluída) a A Laxe (incluída)	509337	4652404
		509357	4651361
	De Puntal Dominguez (incluída) a Pedra Chelino (incluída)	509585	4650737
		509624	4650518
	De Eiriñas (incluída) a Molla Cú (incluída)	509528	4649229
		509478	4648629
	De Pedra do Perello (excluída) a Salto da Cabra (excluída)	509234	4647037
		509222	4646825
	De Pedra do Juan (excluída) ao Porto Costado (excluída)	509380	4646174
		509331	4645922
	De Portocelo S (incluída) a Leiriñas (incluída)	509449	4644495
		509366	4644310
	De Portiño Carruallo (incluída) a punta dos Picos	509819	4637584
		510407	4635378
	Punta Orelluda aos Saltiños	509135	4652679
		509522	4649005
	De Homiño a A Vela	509326	4648036
		509465	4645806
Fontequite (cercanía da depuradora) a punta dos Picos	509722	4636979	
	510274	4635376	
C.P. BAIONA	Doca Cetaría (O)	512322	4664004
	Praia de Frades (S)	512180	4663637
	Puntal Mte. Lourido (N)	514165	4663518
	Puntal Mte. Lourido (S)	514144	4663427
	Rapacarallos	511360	4663313
	Terra Rapacarallos (N)	511505	4663271
	Terra Rapacarallos (S)	511291	4663129
	Bombardeira	510892	4662984
	Salgueiras (N)	511099	4662939

Xefatura Territorial de Vigo  
 Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar  
 36201 Vigo (Pontevedra)  
 Tel.: 986817104

[recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal](mailto:recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal)



Aguieiras-I	507946	4662910
Aguieiras-II	507874	4662851
Aguieiras-III	507994	4662799
Salgueiras (S)	510998	4662782
Pedras Terra Xangada	510300	4662614
Puntal de Balea (E)	510835	4662593
Carral	508260	4662590
Terra das Angadas (E)	510451	4662588
Puntal de Balea (O)	510790	4662582
Terra das Angadas (O)	510343	4662496
Padarnela (N)	510319	4662392
O Peso (O)	508596	4662378
Baleal (E)	509253	4662364
Arquiña (O)	509345	4662347
Baleal (O)	508987	4662323
Emb. Carral	508319	4662319
Parexa	508116	4662311
Arquiña (E)	509586	4662311
O Peso (E)	508775	4662297
Padarnela (S)	510098	4662160
Pedras dos Choscos	508140	4662128
Pedras dos Rañacús-I	508182	4662046
Pedras dos Rañacús-II	508184	4662011
Veigas	508125	4661992
Faro Vello (S)	508193	4661864
Terra das Pulgas	508312	4661845
Os Cochos (N)	508364	4661496
Negra Medio	508187	4661388
Negra Fora	508072	4661373
Barco da Negra (S)	508339	4661210
Os Cunchales (N)	508452	4661100
Os Cunchales (S)	508568	4660928
Puntal das Nais	508689	4659301
Nai Medio	508542	4659254
Nai Fora	508374	4659243
Puntal das Nais	508625	4659227
Puntal das Nais (S)	508696	4659214
Roidosos (N)	508951	4658927
Pta. Centinela (N)	508601	4658456
Porto da Candea	508577	4658042
Emb. Can Cagado	508929	4656406
Can Cagado	508722	4656386
Porto Auga Quente (N)	508995	4656195
Pedras de Pita Tren	508971	4656114
Aguncheiros (N)	509082	4655654



	Aguncheiros (S)	509070	4655510
	Puntal Canido (N)	509340	4654475
	Puntal Canido (S)	509468	4654363
	A Figueira	509453	4653333
	A dos Demos	509432	4653205
	Porto dos Barcos (S)	509328	4652848
	Orelludas	509065	4652781
	Puntal de Orelludas	509133	4652707
C.P. BAIONA	Monteferro (N)	512467	4667198
	Monteferro (O)	512365	4666801
	Illote Serralleiras	510317	4666158
	Estela de Mar	511178	4666081
	Estela de Terra	511933	4666069
	Longueirón	510874	4665995
	Lourido (Puntal)	514103	4663493
	Rapacarallos	511358	4663320
	Bombardeira	510889	4662988
	Aguieira e pedras limítrofes	507994	4662799
	Faro Vello (N)	508116	4662320
	Rego	508074	4662235
	Negra de Medio	508191	4661386
	Negra de Fora	508073	4661372
	Nai de Medio	508539	4659256
	Nai de Fora	508370	4659243
	Can Cagado e baixos	508706	4656393
	Pedra dos Vidros (N)	509094	4654881
	Vidros-I	509103	4654861
	Vidros-II	508919	4654647
	Vidros-III	509011	4654475
	Pedra dos Vidros (S)	509013	4654463
	Orelludas	509072	4652784
C.P. BUEU	Careiro de Lombo da Besta ata o Con do Barcelo	513341	4687558
		513195	4687453
		513410	4687184
		513463	4687269
		513384	4687412
		513429	4687531
		514269	4686006
	Salamin ata a Laxe da Loba	514186	4685916
		514168	4685628
		514170	4685566
		514278	4685636
		514373	4685713





	Illas de Ons (cara leste dende o Illote do Centulo Praia de Fedorentos)	506477	4694197
		504836	4689510
	Onza	505152	4688187
		505525	4688176
C.P. CANGAS	Punta Couso a punta Subrido	511940	4684090
		511279	4677218
C.P. O GROVE	Illote Pombeiro	504478	4702789
	Illote Pombeiriño	504680	4702618
	Rochas Praia Castiñeira a Pedras Praia Barrosa	505092	4701727
		506268	4700092
	Illote de Lobeiras de Terra	506717	4700271
	Illote Colmado	510044	4698303
	Illa e Capilla A Lanzada	510009	4697502
	Pta. Corbeiro a Punta Faxilda	509785	4696700
509883		4695889	

